

DEFINICIÓN E PARTES PRINCIPAIS:

→ Definición:

- A formigoneira é unha máquina moi utilizada en construción. Emprégase para a fabricación de morteiros e formigóns e para isto, mestúranse distintos compoñentes, basicamente, áridos de distinto tamaño e cemento.
- A formigoneira pode ser eléctrica e de motor de combustión interna.

→ Partes principais.

- Tambor: que é a parte xiratoria onde se mesturan e amasan os materiais.
- Coroa: ou roda dentada que, unida solidariamente ao tambor, engancha co piñón de ataque.
- Piñón de ataque: roda dentada que lle transmite á coroa o xiro do motor.



RISCOS ASOCIADOS AO SEU USO:

- | | |
|-------------------------------------|--|
| ✓ Risco eléctrico. | ✓ Proxección de partículas e salpicaduras. |
| ✓ Atrapamento entre partes móbiles. | ✓ Sobreesforzos. |
| | ✓ Incendio e explosión. |

CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

- ✓ É obrigatorio o uso de lentes de seguridade. Protexen da proxección de partículas e salpicaduras.
- ✓ Comprobar que a tapa do motor estea sempre baixada, eliminando o risco de atrapamento.



CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

- ✓ Durante as operacións de engraxado da máquina, é obrigatorio detela por completo, estendendo a seguir a graxa por toda a coroa. Deste xeito, elimínase o risco de atrapamento.



- ✓ Está prohibido introducir a pa dentro da formigoneira. Deste xeito, evítase o risco de enganche nas aspas do tambor e o posterior golpeo.



- ✓ É obrigatorio manter a distancia de seguridade durante a operación de padexado. Evitando así o enganche co motor.



- ✓ É obrigatorio dispor e comprobar que os cables de alimentación eléctrica son aéreos. Para isto, débense dispor enganches, pés dereitos, etc, para que os cables de alimentación non vaian nunca polo chan.



CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

- ✓ *É obrigatorio utilizar luvas de nitrilo. É a única maneira de evitar o contacto manual directo co morteiro, que é causante de dermatose.*

NO



- ✓ *Está prohibido repostar co motor en marcha ou fumando durante a operación. Así se evita o risco de incendio ou explosión.*

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL QUE HAI QUE UTILIZAR:

Ademais do casco, as botas de seguridade e a roupa de traballo, que son de uso obrigatorio en todas as obras de construción, é obrigatorio utilizar:

- *Lentes de seguridade contra a proxección de partículas e salpicaduras.*
- *Protectores auditivos, en caso de uso prolongado.*
- *Luvas de nitrilo*
- *Botas de seguridade de goma, para conseguir un illamento da humidade e previr contactos eléctricos indirectos coas partes metálicas da formigoneira.*